



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO E O CONSELLO SUPERIOR DE INVESTIGACIÓNS CIENTÍFICAS - CSIC, PARA INSTRUMENTAR UNHA SUBVENCIÓN DESTINADA AO DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES NO INSTITUTO DE ESTUDOS GALEGOS PADRE SARMIENTO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

María del Carmen Martínez Ínsua, directora xeral de Patrimonio Cultural da consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

DECLARA:

Que esta dirección xeral de Patrimonio Cultural ten previsto formalizar un Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Consello Superior de Investigacións Científicas – CSIC (Instituto Estudos Galegos Padre Sarmiento), para instrumentar unha subvención destinada ao desenvolvemento de actividades no Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento. O instrumento convenial arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2025, sen prexuízo de que se subvencionen as actividades realizadas desde o 1 de xaneiro de 2023.

Este convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Consello Superior de Investigacións Científicas – CSIC (Instituto Estudos Galegos Padre Sarmiento) para o desenvolvemento das seguintes liñas de investigación Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento:

- Reforzo da liña de investigación sobre Historia social do poder desde a Idade Media.
- Reforzo da liña de investigación sobre Patrimonio e identidades en Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.





Que o instrumento conxugal que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que o Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento (IEGPS) é un centro de investigación propio do CSIC, que ten como obxectivos a análise do patrimonio e o seu papel na configuración dos sinais identitarios de Galicia e dos galegos desde os séculos medievais ata a actualidade.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias sobre investigación científica e técnica de acordo co artigo 27-19º da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía.

Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, dentro do ámbito das súas competencias, móstrase receptiva a todas aquelas iniciativas que teñan por obxecto a investigación e difusión do Patrimonio Cultural de Galicia.

Que a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia no seu artigo 122 establece as obrigacións da Xunta de Galicia en materia de difusión, formación e educación, determinándose no seu punto 3º que “promoverá a formación, o ensino especializado e a investigación nas materias relativas ao estudo, á conservación e ao enriquecemento do patrimonio cultural e establecerá os medios de colaboración adecuados para este fin coas universidades e os centros de formación e investigación especializados”.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria

